



48 festa do[®] QUEIXO arzuá

3-4-5 marzo 2023

    @festaqueixo
festadoqueixo.org



dossier
de
prensa



Concello
de Arzúa

BENVIDOS AO #QUEIXO2023



presentación

- Benvid@s á festa!
- #Arzúa
- Filosofía e obxectivos
- O queixo da DOP Arzúa-Ulloa
- Queixeamos?

programación 2023

- Concurso de carteis
- 16.º Concurso de tapas e petiscos Festa do Queixo
- Colaboración CRDOP Arzúa-Ulloa e empresas
- Recinto feiral Terra do Queixo: datas e horarios
- Programación 2023: catas, actividades EFA Piñeiral, obradoiros, exposicións, concurso tapas.
- Inauguración e pregón
- Exposición Concurso de carteis 48.ª edición
- Queixeando polas rúas de Arzúa
- Festival do Queixo: 2 días de concertos de balde!
- 14.º Concurso Queixo Maquetón
- 6.º Festival Pequequeixo
- Programa completo 48.ª edición (resumo)
- Recomendacións, apuntamentos, info práctica
- Contactos, colaboradores e agradecementos

#ARZÚA

Considérate na casa



Goza da festa respectando a contorna e, por encima de todo, respectando aos demais. Dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verás a beleza da nosa, da túa, terra.

Os aseos públicos do Recinto feiral permanecen abertos desde a mañá ata o final dos concertos. Contan con servizo de limpeza regular, mais as persoas usuarias somos quen debemos preservar o seu coidado. Hai **papeleiras e colectores** no exterior e interior do recinto, tira o lixo nos lugares axeitados.

Preserva o coidado de todas as zonas, prazas, rúas, xardíns... **Lembra que estás na casa!** 😊

Desde o **venres 24 de febreiro**, día da **presentación aos medios** (Casa de Correos de Arzúa, 12 h), hai dispoñibles folletos coa programación nas instalacións municipais e nos establecementos de hostalería de Arzúa e comarca.

Infórmate de todo en **@festaqueixo**, o noso espazo en **Twitter**. Bota un ollo ás fotos no **Instagram**, os vídeos no **Youtube**, e se andas por **Facebook**, únete tamén á festa! Somos **máis de 7.000 amig@s!**



Agardámosvos a tod@s!



web www.festadoqueixo.org



facebook facebook.com/festadoqueixo



twitter twitter.com/festaqueixo



instagram instagram.com/festadoqueixo



youtube youtube.com/festadoqueixo





E van 48 anos de festa! A Festa do Queixo é unha celebración onde o queixo é protagonista desde 1976. Arzúa transfórmase nun espazo contemporáneo e multidisciplinar.

Un vteiro de acontecementos que achegan valor cultural, didáctico e económico. **Gastronomía, música, cultura, tradición e innovación.** Un lugar aberto a tod@s e pensado para tod@s.



O recinto feiral Terra do Queixo abre o **sábado 4** de 11 a 20.30 h. e o **domingo 5** de 10 a 18.30 h. Durante **2 días** acolle a artesáns e profesionais, actividades formativas, culturais e de lecer. É o punto de encontro e o gran **espazo de intercambio**. No posto da organización hai información e diferentes produtos da festa!



A **programación** comeza días antes con catas comentadas nos centros educativos e actividades na EFA Piñeiral. Xa a fin de semana poderase gozar do **concurso de tapas e petiscos** (venres 3), animación e unha gran variedade de obradoiros e actividades **de balde**. Polo día tamén haberá música co **festival Pequequeixo** e pola noite, **2 días de concertos totalmente de balde** no **Festival do Queixo**, ata completar aforo.

QUEIXEAMOS?

Queixear significa interaccionar co queixo e coa festa

Todas as **persoas** que vos achegades á festa sodes os **protagonistas**. O único **requisito** obrigado é un **sorriso** 😊. **Todos os lugares son bos para queixear**, e pode facerse a **calquera idade**. Normalmente, debes ter preto un queixo, pero non sempre. Podes estar mercando nos stands, participando nun obradoiro, bailando no festival ou levar posta algunha prenda da festa (un mandil, unha camiseta, etc.)



👍 #queixear 😊

No Recinto feiral, nas rúas e nos concertos da carpa do campo da feira cos grupos do festival! Único requisito: o teu sorriso

Moit@s xa queixearon e que ben se pasa!

Onde queixear: Recinto feiral, Campo da feira, Praza de Galiza



FILOSOFÍA E OBXECTIVOS

Filosofía

A festa aséntase nunha filosofía de actuación estable, visible e accesible. Dentro deste esquema, a programación cultural e musical ao longo de 3 xornadas en rúas e prazas convértese nun eixe fundamental e nun importante elemento dinamizador do rural, referencia de desenvolvemento e cultura.

Preténdese potenciar e poñer en valor os recursos do noso territorio. Máis aló de ser unicamente esa cita anual que ten unha duración limitada, o evento busca reflectir a nosa idiosincrasia e potencialidades desde unha dimensión cultural extensiva á **xeración de valor**, onde a **cultura do rural** toma **forza universal**.

As accións con repercusión **na vila**, así como **na Internet**, son as nosas ferramentas para abrir **novos públicos**. Entre os retos cumpridos, evolucionar e **renovar completamente o sitio web www.festadoqueixo.org**, con **máis de 65.000 visitas anuais**. Igualmente, atender o perfil do evento nas redes sociais para dar resposta ás actuais expectativas da opinión pública, cunha comunicación aberta, continuada e bidireccional coas persoas usuarias da rede.

Obxectivos

- 'Queixear': facilitar a interacción co público e comunicar os valores da festa
- Poñer en valor a tradición desde a perspectiva da innovación
- Prestixiar o territorio e as potencialidades presentes e futuras do rural
- Amosar a cultura do queixo como escaparate de Arzúa
- Contribuír ao prestixio do queixo e dos produtores
- Procurar a máxima interacción entre feira, festa e lecer
- Alimentar a creatividade a través do queixo e as artes
- Achegar a cultura do queixo ao público infantil e á mocidade
- Acadar maior visibilidade, notoriedade e contacto co público na rede
- Potenciar o valor gastronómico do produto na restauración
- Incorporar as potencialidades do produto na cociña de vangarda
- Promover a identificación da Festa do Queixo como experiencia única e singular
- Situar Arzúa no mapa cultural e gastronómico internacional



CONCURSO DE CARTEIS 2023

Recibíronse un total de **21 propostas** desde toda Galicia do resto do Estado. **Gañou o primeiro premio, de 600 euros, o pintor e deseñador compostelán Ramón Rivas. As outras tres das catro obras premiadas proceden de fóra da comunidade.**

O xurado concedeu 9 puntos e o primeiro premio á peza nº 4 titulada "Versión Libre, 2023 da queixeira de Arzúa (escultura)" do creativo santiagués Ramón Rivas. Esta obra será o cartel anunciador da 48.ª Festa do Queixo. O segundo premio foi para **Bilbao**, o terceiro para **Murcia** e o cuarto, correspondente á votación popular, para **Guipúzkoa**.

A votación do xurado tivo lugar o luns ás 14 h. na Capela da Madanela de Arzúa, e o **4º premio** foi elixido por **votación popular** en Arzúa, o venres 16 de decembro.



1º premio

600 €

- CARTEL Nº 19. Puntuación recibida: 9 puntos
- TÍTULO: 'Versión Libre, 2023 da queixeira de Arzúa (escultura)'
- AUTOR: **RAMÓN RIVAS GARCÍA**

O xurado valorou a súa especial integración coa vila, xa que se trata dunha reinterpretación da tradicional escultura que se atopa esculpida en pedra na Praza de Galiza, no centro urbano, neste caso como unha estrela do rock, en pe, e poñendo en valor a parte musical do evento, o festival do queixo. Pode apreciarse claramente a figura da queixeira erguida, con xesto de seguridade, e portando neste caso unha guitarra eléctrica amarela.



2º premio

300 €

- CARTEL N° 1 "O que esconde o queixo"

AUTORA: **BEGOÑA FAÍLDE BLANCO (Bilbao)**

"Non é un segredo que a festa do queixo sexa só queixo. Hai moito máis e iso é o que tentei recoller nesta peza: música, gastronomía, tradición, folclore... Un abanico de actividades para todos os públicos."



3º premio

100 €

- CARTEL N° 28 "Círculos"

AUTOR: **RUBÉN LUCAS GARCÍA, Torreaguera (Murcia)**

"Xoga coa simetría dos círculos e representa o queixo de forma conceptual e tamén parte fundamental do festival, a música galega. Tamén s fai referencia á muller e home galegos, poñendo en primeiro principio á muller moi suave, aportando un concepto moderno en igualdade de xénero e amosando a importancia que ten a muller na sociedade actual."



4º premio –por votación popular–

agasallo especial "Festa do Queixo"

- CARTEL N° 20 "Sen título"

elixido por votación popular o pasado venres 17, cun total de 9 votos sobre 46 papeletas.

AUTORA: **LAURA SANZ FERNÁNDEZ Ordizia, (Guipúzkoa)**

"Para el cartel he utilizado arcilla polimérica para la creación de la vaca, dándole así la importancia que merece para este evento, ya que sin nuestras."

O xurado estivo formado por

O xurado estivo formado por

- Aurora Varela, *concelleira de Cultura, Educación e Participación veciñal*
- Begoña Balado, *concelleira de Turismo, Obras e Servizos*
- Diego Valiño, *presidente de A.E.C.A.*
- Araceli Carballeira, *directora IES Arzúa*
- Cruz Leiva, *directora CEIP de Arzúa*
- Ángeles Santamarta, *directora Atocha (Nosa señora do Rosario)*
- Raquel Carregal, *directora da EFA Piñeiral*
- Empatía Comunicación

Secretario: Marcos Pampin, *técnico de Cultura Concello de Arzúa*

Exposición dos carteis



Todos os carteis estarán expostos na capela da Madanela de durante a festa. O sábado 4 de marzo, de 11 a 13 h e de 16 a 18 h, e o domingo 5 de 11 a 13 h (as datas e horarios poden sufrir lixeiras modificacións, que se actualizarán nestas bases e noutros soportes, web, rrrss, etc).

Entrega de premios



A elección dos premiados realizouse na Capela da Madanela de Arzúa, mediante valoración do xurado cualificado designado pola organización, agás a do 4º premio, que foi elixido por votación popular.

A entrega de premios realizarase no programa de actos da Inauguración da 48.ª Festa do Queixo, o sábado 4 de marzo de 2023 ás 11.00 h. (carpa campo da feira)

COLABORADORES

Queixando coa DOP



O concello de Arzúa, a organización da Festa do Queixo e o **CRDOP Arzúa-Ulloa** acordaron a mutua colaboración coa cesión de pezas de **queixo** para accións de **promoción** durante os días do evento.



O evento ponse a disposición do tecido empresarial como **plataforma** para a súa **difusión e promoción**, en beneficio de todos.

O obxectivo principal destas accións é mellorar a visibilidade e **notoriedade das empresas** a través dunha relación estable, empregando a Festa do Queixo como oportunidade e plataforma de comunicación.

CRDOP Arzúa-Ulloa (corredor central Recinto feiral)

Cada ano únense ao queixo empresas e colectivos de diferentes sectores: industria, turismo rural, hostalería, alimentación, formación, restauración, produción cultural... e temos patrocinadores QUEIXAZO, QUEIXO E QUEIXIÑO

Organiza:  Concello de Arzúa

Produce: 

Cofinanciado por:  XUNTA DE GALICIA  galicia  Deputación DA CORUÑA 

Colaboran:

Queixazos:    Piñeiral  TEIRABOIA  TGM
TOLDOS DÓMEZ

Queixos:  Autocares Prado  CASA DE COMARCAS CHELO  fonte picho  XESTEDEC

Queixiños:  Casa Pineda  FROIZ  HOTEL SUÍZA



Plano recinto feiral Terra do Queixo 2023 ●●●●●●●●●●



Horarios 2023 ●●●●●●●●●●

Sábado 4: de 11 a 20.30 h.

(aseos ata o remate dos concertos)

Domingo 5: de 10 a 18.30 h.

E no posto da organización, **MÁIS DE 40 ARTIGOS DIFERENTES DA FESTA.**



PROGRAMACIÓN PREVIA

27-28 FEBREIRO

ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN A CARGO DO ALUMNADO DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Actividade dirixida a escolares de infantil e primaria dos centros de Arzúa. O alumnado do ciclo superior de educación infantil da **EFA Piñeiral** impartirá unha actividade manual na que os cativos se familiaricen a valoricen os recursos do noso territorio e elaboren manualidades con material de refugallo.

Nos centros de ensino de Arzúa



MÉRCORES 1 MARZO

13 h OS CASOS DE ÉXITO-ESTUDO DA COMERCIALIZACIÓN E VALORIZACIÓN DE PRODUTO CON DOP: QUEIXO, MEL, PAN...

EFA Piñeiral. Entrada libre ata completar aforo



XOVES 2 MARZO

11 h PROXECCIÓN DA LONGAMETRAXE DE ANIMACIÓN 'OS DEMOS DE BARRO'



Unha fermosa historia de reencontro coa natureza e as raíces

Director: Nuno Beato

Con: Isabel Navira, Luís Iglesia, Leticia Sola, Monti Castiñeiras, Nacho Castaño, Celso Bugallo

Producida por: Xosé Zapata (Goya 2022 á mellor curtametraxe de animación)

Capela da Madanela. Entrada libre ata completar aforo.

CONCURSO TAPAS E PETISCOS, venres 3



A programación da fin de semana comeza o **venres 3 de marzo** co **15.º Concurso de tapas e petiscos Festa do Queixo**, organizado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa. **De 18 a 23.30 h** pódense degustar en moitos dos de hostalería de Arzúa as tapas que participan competindo en calidade, orixinalidade e presentación final.

Establecementos participantes 2023

	Nome do establecemento	Enderezo	Teléfono
1	Parrillada 107 Cervecería	Avda. de Lugo, 107	608 044 264
2	Cafetería Chacala	Avda. de Lugo, 133	690 74 76 57
3	Cafetería Ultraia	Avda. de Lugo, 126	626 639 450
4	Bar Encontro	Avda. de Lugo, 116	600 524 051
5	Café-Bar Luis	Avda. de Lugo, 50	655 99 68 85
6	Café Bar Manolo	Avda. de Lugo, 48	655 99 68 85
7	O Furancho de Santiso	Avda. de Lugo, 9	981 501222//699 818 139
8	La Bodega de José	Avda. de Lugo	637 440 116
9	Razas Gastrobar	Avda. de Lugo, 12	674 50 81 13
10	Cafetería Praza	Avda. de Lugo, 2	981 500 949 // 629 12 78 93
11	Cafetería Os Casqueiros	Praza de Galicia	981 500 004 // 628 91 64 48
12	Cafetería Ameixa 1	Avda. de Lugo, 8	981 500484
13	Café Bar Karper	Padre Pardo, 21	679 729 799
14	Casa de Comidas Chelo	Fraga do Rei, 14	981 508 248
15	Café Bar O Bo Camiño	Rúa Xosé Neira Vilas, 7	620 26 23 88
16	Hostal Restaurante O Retiro	Teiraboa	981 500 554
17	Bar A Queixeira de Arzúa	Avda. De Lugo, 70	981 500 510
18	Refuxio Tapería e Restaurante	Avda. De Lugo, 53	881 089 406

CATAS COMENTADAS DE QUEIXO DA DOP ARZÚA-ULLOA



Nos centros de ensino de Arzúa

En colaboración co Consello Regulador DOP Arzúa-Ulloa. Na semana previa e tamén nas semanas seguintes á festa.



INAGURACIÓN E PREGÓN, sábado 4

PREGOEIRO: TAMAR NOVAS

O actor santiagués será o pregoeiro da 48.ª edición e dará o discurso de apertura do evento, o sábado 4 de marzo ás 11 h na carpa do campo da feira (apertura de portas 10:30 h)



O que fora premio Goya como actor revelación, cunha exitosa carreira cinematográfica e televisiva, de pai e avós paternos arzuáns, dará o discurso de apertura do evento, o sábado 4 de marzo ás 11 h no campo da feira de Arzúa.

Tamar, nacido en Santiago o 3 de outubro de 1986, debutou como actor con tan só 11 anos en "A Lingua das bolboretas", e con 18 gañou o Goya Revelación por "Mar adentro". Ademais de Jose Luis Cuerda e Alejandro Amenábar, traballou entre outros directores e directoras, ás ordes de Pedro Almodóvar, Isabel Coixet, Milos Forman, Daniel Calparsoro ou Gerardo Herrero.



Ten feito numerosos traballos en televisión, como “A vida por diante”, “Fariña”, “Altamar”, “El desorden que deixas”, Veneno... E en teatro, con varias producións do Centro Dramático Nacional.

Recentemente estreou “O Corpo Aberto”, e ten pendente de estrea a serie “Los pacientes del doctor García” e as películas “Un pasado por delante”, “Nowhere” ou “Justicia Artificial”.

O actor santiagués, afincado en Madrid, está moi vinculado a Arzúa, pola aldea de seu pai e dos seus avós paternos, Figueiroa. Tamar leva con orgullo as súas raíces e mantén os vínculos con estes lugares, volvendo tanto en festas como o resto do ano para visitar á súa familia e desfrutar da súa terra.

Podes saber máis del en

https://es.wikipedia.org/wiki/Tamar_Novas

As súas redes

<https://www.instagram.com/tamarnovas/?hl=es>

<https://twitter.com/tamarnovas?lang=es>

Nestes 48 anos, os pregoeiros e pregoeiras da festa foron:

Susana Rodríguez (2022)	Yolanda Castaño (2007)	Manuel Torreiglesias (1992)
Colaborativo dos nen@s de Arzúa (2021)	Carlos Blanco (2006)	Xosé Luís Blanco Campaña (1991)
Benedicta Sánchez (2020)	Alfonso Agra (2005)	Diego Bernal (1990)
Benigno Campos (2019)	Avelino Pousa Antelo (2004)	Miguel Suárez Abel (1989)
Tonhito de Pol (2018)	Luis Rial (2003)	Uxío Rey Fernández (1988)
María Castro (2017)	Uxia Blanco (2002)	Francisco Fernández del Riego (1987)
Xosé Lois 'O Carrabouxo' (2016)	Xosé Ramón Fandiño (2001)	Xosé Antonio Silva (1986)
Nacho Mirás (2015)	Agustín Sixto (2000)	Jorge Víctor Sueiro (1985)
Pablo Insua, Lolo Penas, Diego Quintela, Óscar Pereiro, Diana Cotón (xuntos en 2014)	Manuel Quintáns (1999)	Antón Fraguas (1984 e 1977: 1976 -xunto a Román Torreiro-)
Xosé A. Touriñán (2013)	Jose M ^a Manteiga (1998)	(Dos pregóns de 1978 a 1983 non constan datos)
Teté Delgado (2012)	Fina Casalderrey (1997)	
André Arzúa (2011)	Xosé Neira Vilas (1996)	
Séchu Sende (2010)	Antón Reixa (1995)	
Montse Varela (2009)	Xosé A. Vilaboa (1994)	
Xaquín Marín (2008)	Luis Valiño Freira (1993)	



PREMIOS ARZUÁNS DO ANO 2022

- **Granxa Ecolóxica Figueiroa**, premio Exceleite



En 2017 xuntáronse dúas granxas na parroquia de Figueiroa, na aldea de Vilar, de Luís, e outra no Curro, de Jesús. Teñen a granxa ecolóxica en ordeño con 60 cabezas, en total 98 xunto coas novillas. A Granxa Ecolóxica Figueiroa ofrece tamén prácticas ao alumnado do ciclo de FP Dual de Producción Agroecolóxica. Son 57 hectáreas das que 12 se dedica a millo forraxeiro, 20 a silo e o resto a pastoreo. Levan 4 anos consecutivos gañando o premio de prata Exceleite.

- **Jesús Mosquera**, investigador da UDC



Natural de Viladavil, doutorouse na USC co "Premio Extraordinario de Tese Doutoral". Realizou tres estancias postdoutorais en centros de alto prestixio internacional: Universidade de Cambridge, CIC biomaGUNE en San Sebastián e na Universidade Tecnolóxica de Eindhoven. En 2021, comezou a súa carreira investigadora independente na universidade de Strathclyde en Glasgow. Actualmente é investigador Ramón y Cajal na UDC onde colidera o grupo NanoSelf, que centra a súa investigación na fronteira entre a química, a nanotecnoloxía e a bioloxía.

- **Tania Taboada**, xornalista de A3 TV



Nacida en Viños, traballou en TVE en Galicia, Teletugos, TVG, La Voz de Galicia e gabinetes de comunicación. Hoxe é xornalista do programa Espejo Público de Antena 3, e ven de levar o galardón nos Premios Xornalísticos "Guardia Civil 2022", na modalidade audiovisual, pola cobertura informativa do dispositivo de seguridade da Garda Civil durante a celebración do cume da OTAN en Madrid.

EXPO CONCURSO DE CARTEIS

Sábado 4 e Domingo 5

SÁBADO 4, DE 11 A 13 h E 16 A 18 h - DOMINGO 5, DE 11 A 13 h

Capela da Madanela



Na **Capela da Madanela** estarán expostos todos os carteis presentados a concurso esta 48.^a edición. Foron **21 propostas** chegadas desde as catro provincias galegas e do resto do Estado e do estranxeiro. Están realizadas en diferentes **técnicas** por persoas de **todas as idades** (ver resultados e carteis premiados páx 8).



TORNEO CHESS & CHEESE

Domingo 5

10.15 - 14 h 3.º TORNEO "CHESS AND CHEESE ARZÚA"

Local Social Sta. María (a carón do parque de Bombeiros)



Torneo xeral válido para Elo Fide e xogadores federados

+ Torneo Escolar sub14-sub10 No Federado

Inscripcións gratuítas no 617234393 ou pokeryajedrez@gmail.com ata o sábado 4 de marzo.



QUEIXEANDO POR #ARZÚA

Festa e música nas rúas e prazas



Ao longo da mañá do **sábado 4**, animación de rúa e pasacalles desde o Recinto feiral á Praza de Galiza co grupo de gaitas **LUAR DAS AUGAS**.

Ver programa páx. 36



Na tarde do **sábado 4**, máis festa no Recinto feiral, rúas e prazas de Arzúa coa **CHARANGA SANTA COMPAÑA**

Ver programa páx. 36



... e o **domingo 5** a festa e a música continúan desde a mañá co grupo de gaitas **FAISCAS DA PONTRAGA**

Ver programa páx. 36



... e o **domingo 5** remata contra o mediodía coa animación do grupo **TRÓPICO DE GRELOS**

Ver programa páx. 36



O FESTIVAL DO QUEIXO



festival do
QUEIXO
arzuá
Arzuá, 4-5 marzo 2023

Sábado 4 marzo

Sidecars

**Muchachito
Bombo Infierno**

**We Are Not Dj's
Apart**

Domingo 5 marzo

Tanxugueiras

**Leilía
Rondalla Moraima**

Entrada gratuita ata completar aforo
+ info festadoqueixo.org

Organiza: 	Produce: 	Cofinanciado por: 	Colaboran: 	Síguenos en @festadoqueixo
----------------------	---------------------	--------------------------------------	---	--



O Festival do Queixo é un dos eventos de referencia do panorama estatal. **Na primeira xornada**, o sábado, ofrecemos rock, electro-rock, pop-rock, fusión, funk, mestizaxe e hip-hop. **Na segunda xornada**, o domingo, apostamos desde os inicios polo carácter galego, e seguímolo facendo.

Rodeado dunha rica programación de actividades culturais, o festival pretende favorecer a afluencia de todo tipo de público e constitúe xa un **evento de referencia a nivel galego e estatal**. A filosofía musical, baseada nunha programación extensa e variada -non limitada a un único perfil artístico- permítenos crecer cada edición e acoller cada ano a miles de persoas desexosas de degustar o queixo e a cultura a través dunha **oferta musical aberta, gratuíta e de calidade**.



Nestes últimos anos queixearon, entre outros: Ojos de Brujo, Orishas, Ska-p, Los Enemigos, Fangoria, Dover, Violadores del Verso, La Excepción, The Sunday Drivers, Triángulo de Amor Bizarro, Marlango, Muchachito Bombo Infierno, La Mala Rodríguez, Vetusta Morla, Second, Rinôçérôse, Tote King, Delinquentes e Tomasito, Chema Rey, We Are Standard, Kase. O. Sammy Jo –Scissor Sisters DJ- Estereotipo, Swan Fyahbwoy, La Pandilla Voladora, Arizona Baby, La Pegatina, Eme DJ, Foo, Disconature DJ, Isma Romero, Los Enemigos (2015), The Gift, DJ Floro, Kepa Junquera, Troy, Nach, Miguel Capello, Diego RJ, M-Clan, Fuel Fandango, Ale Acosta DJ, Inerttes, Los Secretos, Rafa Morcego D, Sr. Salvaje, Marc Seguí, Zahara...

E o mellor do panorama musical galego: Lamatumbá, Carlos Núñez, Treixadura, Leilía, Dios Ke Te Crew, Xochilmica, Milladoiro (2006), Malvela, Pepe Vaamonde Grupo, Mutenrohi, Anxo Lorenzo, Uxía, Riobó, Susana Seivane, O Fiadeiro, Treixadura, Os Melidaos, Os Carapaus, Cristina Pato, Paty Lesta & The Hits, Tanto nos Ten, Leilía, Caxade, Ruxe Ruxe, Treixadura, Andrés Penabad, Luar na Lubre, Mercedes Peón, Milladoiro (2017), Rosa Cedrón, Sonseseu, Heredeiros da Crus, Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, Sés, Ailá, Guadi Galego... e por suposto a Banda de Música de Arzúa.



14.º CONCURSO QUEIXO MAQUETÓN



Os carballeses 'Apart' gañaron o concurso 'Queixo Maquetón' O grupo leva como premio 1.300 € e actuará no Festival do Queixo o sábado 4 de marzo dentro desta 48.ª edición da Festa do Queixo.

O quinteto de Carballo convértese no gañador da 14.ª edición do concurso para grupos novos, relevando no posto aos santiagueses Señor Salvaje. Defínense como unha banda de rock influenciada polos sons máis 70s e incorporan sutís detalles de soul e disco nas súas cancións. Cunha visión actual, modernizan un estilo baseado en riffs de guitarra e melodías vocais, facendo vibrar ao público desde os primeiros minutos.

Apart nace en 2014 cando Inés Blanco regresa duns anos en Berlín, coñece ao resto da banda e xuntos deciden iniciar un proxecto musical que perdurará ata a actualidade. **"We Want It All"** é o título do último traballo da banda. O álbum trata de poñer en valor todo aquilo que nos une, mesmo cando as circunstancias nos manteñen separados. Todos os temas deste proxecto lanzáronse como *singles* e están acompañados de videoclips orixinais. As sesións comezaron en 2020 nos estudos Nakra da Coruña. Os temas foron masterizados por Robin Schmidt, quen traballou con bandas como The Black Keys e Mumford & Sons.

O seu primeiro escenario foi o festival carballés Rockin' 2014. Un ano despois, en 2015 proclamáronse **gañadores do festival "Dando a Lata"**. Para a presentación de *We Want It All* a banda volveu aos directos no verán de 2021, xunto a M-Clan dentro do ciclo Orballo Cultural. Durante o inverno levaron o seu novo traballo por diferentes salas de Galicia, con moi boa acollida en todas elas. Entre as citas estivais de 2022 destacan o Caudal Fest, Feito A Man ou Rueiros da Vila.



Xurado 2023

O xurado desta edición estivo composto por **José Ramón Bernárdez**, de Radio Arzúa, **Alberto Alfonso**, director do festival do queixo e **Nonito Pereira**, investigador e divulgador musical determinou despois de escoitar a todos os grupos e escoller os finalistas, que Apart fora finalmente a banda gañadora desta edición.

Podedes escoitar a APART en:

<https://www.youtube.com/channel/UCVTQnzFa0Y6CTcMwubovYDA>

Bandas finalistas

Tras o grupo carballés, quedaron finalistas as bandas **Another Wasted Year**, desde A Coruña, **Bow** desde Huelva, **Helen And Shanna**, desde Vigo e **The Broke Band**, desde Moaña.



6.º FESTIVAL PEQUEQUEIXO

O ESPAZO DO FESTIVAL PARA OS MÁIS PEQUES!

SÁBADO 4 MARZO • 18.30 h



Música e humor para toda a familia. Letras e arranxos coidados para sementar e apañar risas e ganas de cantar xunt@s. Grelos e temassos, cun equilibrio variado de formas e estilos. A Santa Compañía aparécese entre as patacas cantando un trap. Hai unha pulga punk da praia de Liméns. As cabras tiran para o monte e os caracois reivindicán o seu ritmo...

Praza de Galiza (se chove, na Capela da Madanela)



DOMINGO 5 MARZO • 11.30 h



Música composta especialmente para nen@s, con Sabela King ao ukelele e voz, e Carlos Gil ao piano e voz. Cancións e bailes de rock&roll e blues con ritmos brasileiros e portugueses, amenizados de fermosas letras en galego e francés.

Praza de Galiza (se chove, na Capela da Madanela)





festival do
QUEIXO
arzuá

HORARIOS

Entrada gratuita ata completar aforo

Sábado 4 marzo

Apart 21.30 h

Sidecars 22.30 h

Muchachito 00.30 h

Bombo Inferno

We Are Not Dj's 02.00 h

Domingo 5 marzo

Rondalla Moraima 12.30 h

Leilía 18.00 h

Tanxugueiras 19.30 h

Organiza: Concello de Arzuá

Produce: artMUSIC agency

SABADO 4 MARZO • 21.30 h



Defínense como unha banda de rock influenciada polos sons máis 70s e incorporan sutís detalles de soul e disco nas súas cancións. Cunha visión actual, modernizan un estilo baseado en riffs de guitarra e melodías vocais, facendo vibrar ao público desde os primeiros minutos. Nacen en 2014 cando Inés Blanco regresa duns anos en Berlín, coñece ao resto da banda e xuntos deciden iniciar un proxecto musical que perdurará ata a actualidade. **“We Want It All”** é o título do último traballo da banda.



SABADO 4 MARZO • 22.30 h



A banda madrileña que fora Premio da Música ao mellor álbum de rock alternativo, **pechou un 2022 memorable**, no que ademais de publicar 'Trece', o seu último álbum, alcanzaban o número 1 na súa semana de lanzamento. Tamén comezaron a súa xira de presentación máis ambiciosa e foron elixidos para compoñer e interpretar a canción orixinal da última película de Paco Caballero: 'Reyes contra Santa'. En 2023 continúan coa xira de presentación esgotando entradas alá onde van.



SABADO 4 MARZO • 00.30 h



Muchachito é Jairo Perera, un artista formado como músico tocando na rúa. O proxecto "Bombo Inferno" é unha formación ao estilo Marching Band. Un show enérxico onde o repertorio adquire novos arranxos. Unha potente sección de ventos, elementos de percusión e a guitarra de Muchachito forman o cóctel para unha festa asegurada.



SABADO 4 MARZO • 02.00 h



Destilan **paixón incontestable**, **emoción coidada**, **desapiadada**, **vándala e elegante**, entre o desenfreo e a contención nun vaivén sutil. Un cóctel que mestura sen complexos nin compracencias a **electrónica e o pop e o rock e indie**. Non se repiten. Non hai trampa. Só **paixón**. Son contundentes desde o minuto un, saen a romper e saben poñer á xente para botar.



DOMINGO 5 MARZO SESIÓN VERMÚ • 12.30 h



Iniciou a súa andaina en 2000, para fomentar o gusto polos instrumentos de corda. O seu repertorio abarca dende pezas clásicas pasando por habaneras, boleros, música galega, música mexicana, música clásica... En 2019 gravaron e presentaron o seu primeiro disco "Aloumiñando". Está conformada por 12 membros con instrumentos como guitarras, laudes, bandurrias, bandolinas e pandeiro.



DOMINGO 5 MARZO • 18 h



As vivencias coas que nos agasallou ao longo dos máis de trinta anos xuntas permitenos dicir que levan unhas “vidas cantadas”, como cantadas eran as vidas das mulleres das aldeas. “**Vidas cantadas**” é unha aposta integral, **un proxecto no que cadran orixe e fin, pechan o círculo** e dentro del teñen cabida ilusións, premios, colaboracións, recoñecementos, viaxes, amizades...



DOMINGO 5 MARZO • 19.30 h



Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro son **tres cantareiras dunha nova época** capaces de reinterpretar os sons da tradición milenaria fusionándoa con ritmos urbanos, máis próximos ao trap ou á electrónica. A súa enerxía, o seu empoderamento, a súa contundencia e o seu virtuosismo vocal son os máximos expoñentes do seu **innovador estilo**, coñecido como “trad”.



PROGRAMA RESUMO 48.ª EDICIÓN

48 festa do QUEIXO arzúa
3-4-5 marzo 2023



INFO FESTIVAL DO QUEIXO
Baixa carpa. Entrada gratuita ata completar aforo

27-28 FEBREIRO

ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL
A cargo do alumnado do ciclo superior de educación infantil da EFA Píñeiral. Dirixida a escolares de infantil e primaria dos centros de Arzúa, na que valoricen os recursos do territorio e elaboren manuais con material de refugallo. Nos centros de ensino de Arzúa. Impartidas pola EFA Píñeiral

CATAS COMENTADAS CON QUEIXO DA DOP ARZÚA-ULLOA
Nos centros de ensino de Arzúa. Impartidas polo Consello Regulador DOP Arzúa-Ulloa

MÉRCORES 1 MARZO

13 h OS CASOS DE ÉXITO-ESTUDO DA COMERCIALIZACIÓN E VALORIZACIÓN DE PRODUCTO CON DOP: QUEIXO, MEL, PAN...
EFA Píñeiral. Entrada libre ata completar aforo

XOVES 2 MARZO

11 h PROYECCIÓN DA LONGAMETRAXE DE ANIMACIÓN 'OS DEMÓS DE BARRO'
Unha fermosa historia de encontro coa natureza e as raíces.
Director: Nuno Beato. Producida por Kozá Zapala (Goya 2022 mellor curtametraxe de animación)
Con Isabel Novira, Luís Iglesias, Leticia Soia, Monti Castiñeiras, Nacho Castiño e Lobo Bogalho.
Capela da Madanela. Entrada de balde

VENRES 3 MARZO

18 - 23 h 15.ª CONCURSO DE TAPAS E PETISCOS 'FESTA DO QUEIXO'
Elaboracións con queixo da DOP Arzúa-Ulloa
Organizado polo CREOP Arzúa-Ulloa
Nos establecementos de hostalaría de Arzúa.



SÁBADO 4 MARZO

11 h APERTURA DE PORTAS RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'

11 - 13 h e 16 -18 h EXPOSICIÓN CONCURSO DE CARTEIS 48.ª EDICIÓN
Capela da Madanela

11 h INAUGURACIÓN OFICIAL e PREGÓN Campo da feira

ENTREGAS DE PREMIOS
Concurso de Carteis, Concurso de Tapas e Petiscos e Arzuán do Ano 2022

PREGÓN: TAMAR NOVAS

Santiagués moi vinculado a Arzúa, pola aldea de seu pai e avós paternos, Figueira, leva con orgullo as súas raíces. Debuta como actor con 11 anos en 'A Lingua das bolboretas', gaña o Goya Revelación por 'Mar adentro' con 18. Ademais de Jose Luis Cuervo e Alejandro Amenábar, traballa con Almodóvar, Coixat, Forman, Calpurno... Fixo numerosos traballos en televisión e teatro. Recentemente estreou 'O Corpo Aberto', e ten pendente de estrear a serie 'Los pacientes del doctor García' e as películas 'Un pasado por delante', 'Nowhere' ou 'Justicia Artificial'.

11.30 - 13.30 h ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS 'LUAR DAS AUGAS'
Recinto feiral, rúas e praza de Galiza

17 h OBRADOIRO 'ELABORA OS TEUS PANS DE QUEIXO'
Masteclass do alumnado e profesorado do Ciclo de panadería e repostería da EFA Píñeiral.
De 17 a 18 h e de 18 a 19 h
De 7 anos en diante, incluíndo adultos
15 prazas. Inscripción gratuita no 981500580
(Cozina do recinto feiral)

18 - 20 h ANIMACIÓN DE RÚA COA CHARANGA 'SANTA COMPAÑA'
Recinto feiral, rúas e praza de Galiza

18.30 h 6.ª FESTIVAL 'PEQUEQUEIXO'

'CONCERTASSO NA HORTA', BRAIS DAS HORTAS

Música e humor para toda a familia. Letras para sementar e apañar risas e ganas de cantar xunt@s. A Santa Compañía aparece entre as patacas cantando un trap. Hai unha pulga punk da praia de Liméns. As cabras tiran para o monte e os caracais reivindicando o seu ritmo.
Praza de Galiza (se chove, na Capela da Madanela)

20.30 h PECHÉ RECINTO FEIRAL

21.30 h FESTIVAL DO QUEIXO Campo da feira

APART. Gañador Queixo Maquetón | 21.30 h

Unha banda de rock influenciada polos sons máis 70's que incorporan detalles de soul e disco. Os gañadores do 14.ª concurso para grupos novos do Festival do queixo chegan desde Carballo!

SIDECARS | 22.30 h

A banda madrileña que fora Premio da Música ao mellor álbum de rock alternativo, pechou un 2022 memorable, no que publicaron 'Trece', o seu último álbum, e alcanzaron o nº 1 na semana de lanzamento. Comezaron a súa xira máis ambiciosa e foron elixidos para compositores e interpretar a canción orixinal da película 'Reyes contra Santa'. En 2023 continúan coa xira de presentación esgotando entradas alá onde van.

MUCHACHITO BOMBO INFIERNO | 00.30 h

Muchachito é Jairo Perera, un artista formado como músico tocando na rúa. O proxecto 'Bombo Inferno' é unha formación ao estilo Marching Band. Un show enérxico onde o repertorio adquire novos arranxos. Unha potente sección de ventos, elementos de percusión e a guitarra de Muchachito forman o còctel para unha festa asegurada.

WE ARE NOT DJ'S | 02 h

Destilan paixón, emoción coñada, desapiadada, vándala e elegante. Un cóctel que mestura sen compromisos electrónica, pop, rock e indie. Non se repiten. Non hai trampa. Só paixón. Son contudentes desde o minuto un, saen a romper e saben poñer á xente para botar.

DOMINGO 5 MARZO

10 h APERTURA RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'

10 - 12 h ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS 'FAISCAS DA PONTRAGA'
Recinto feiral, rúas e praza de Galiza

10.15 - 14 h 3.ª TORNEO 'CHESS AND CHEESE ARZÚA'

Torneo xeral válido para Elo Fide e xogadores Federados + Torneo Escolar sub14-sub10 non federados
Inscripcións gratuitas no 617234393 ou pokeryajedrez@gmail.com ata o sábado 04/03. Local Social Sta. Maria (a carón do parque de Bombeiros)

11 - 13 h EXPOSICIÓN CONCURSO DE CARTEIS 48.ª EDICIÓN
Capela da Madanela

11.30 h 6.ª FESTIVAL 'PEQUEQUEIXO'
MARTIÑA SOÑADORA

Música composta especialmente para nen@s, con Sabela King ao ukelele e voz, e Carlos Gil ao piano e voz. Cancións e bailes de rockabilly e blues con ritmos brasileiros e portugueses, amenizaos de fermosas letras en galego e francés.
Praza de Galiza (se chove, na Capela da Madanela)

12.30 h FESTIVAL DO QUEIXO SESIÓN VERMÚ Campo da feira

RONDALLA MORAIMA | 12.30 h

Iniciou a súa andaina coa finalidade de fomentar o gusto polos instrumentos de corda. O seu repertorio recolle desde pezas clásicas pasando por habaneras, boleros, música galega, mexicana, clásica... presentada no seu primeiro disco, 'Alomirlando'. Os seus doce membros empregan guitarras, laúdes, bandurrias, bandolinos e pandeiro.

12.30 - 14.30 h ANIMACIÓN DE RÚA CON 'TRÓPICO DE GRELOS'
Recinto feiral, rúas e praza de Galiza

18 h FESTIVAL DO QUEIXO Campo da feira

LELÍJA | 18 h

As vivencias coas que nos agasallaron ao longo dos máis de trinta anos xuntas permítenos dicir que levamos unhas 'vidas cantadas', como cantadas eran as vidas das mulleres das aldeas. 'Vidas cantadas' é unha aposta integral, un proxecto no que cadran orixe e fin, pechan o círculo e dentro del teñen cabida ilusións, premios, colaboracións, recoñecementos, vivires, amizades...

TANXUGUEIRAS | 19.30 h

Sabela Maneiro, Aída Tarrío e Claia Maneiro son tres cantadeiras dunha nova época capaces de reinterpretar os sons da tradición milenaria fusionándoa con ritmos urbanos, máis próximos ao trap ou á electrónica. A súa enerxía, o seu empoderamento, a súa contundencia e o seu virtuosismo vocal son os máximos expoñentes do seu innovador estilo, coñecido como 'trap'.

18.30 h PECHÉ RECINTO FEIRAL

Autobuses

Autobuses Muxos
Líña Lago-Santiago
981 500 044 (parada)
981 924 181

Autos Grabanca
Líña A Coruña
981 690 990

Líña Vila de Cruces-Arzúa
Bombrío-Rúa-Corubá-A Coruña
Líña Melide-Arzúa-Ponte Carreira-Ordes-Corubá-Burgo-A Coruña
981 221 888-981 690 990

Autocars Fraide
Rúa Santiago, 32
981 500 613

WUOL
Rúa Alcalde José Vial
981 500 127
(prevención Rúa Santiago)

Centros de Saúde

Rúa Padre Pardo, 31
981041322

Farmacias
Manuel Saavedra Robledo
Rúa Padre Pardo, 31
981 500 041

Abelá Moequera Valdivieso
Rúa Ramón Franco, 31
981 301 371

Juan José Barreiro Salvado
Rúa Xosé Nave Vial, 1
981 500 066

Bombas de Gas
Parque do Cineiro, Sra. María 112

Política Local
Rúa Santiago, 3
618 881 427 - 981 815 208



CONCIENCIÉMONOS ANTES DE VIR



O uso do vehículo: fai un uso compartido del e ponte de acordo con alguén para virdes xuntos, ou ben achégate ata a festa no transporte público (podes ver os horarios abaixo).



O aparcadoiro: atoparás aparcadoiros sinalizados nos accesos á vila; non cres que é mellor dar uns pasiños que andar dando voltas no coche botando fume (ti e o coche)?



Os aseos públicos: os aseos do recinto feiral permanecen abertos desde a mañá ata o remate dos concertos. Contan con servizo de limpeza e mantemento regular, mais os usuarios somos os que debemos preservar o seu coidado.



O lixo: hai papeleiras e colectores de lixo no interior e no exterior do recinto feiral, tira o lixo nos lugares axeitados. Preserva o coidado de todas as zonas, prazas, rúas, xardíns...

A festa é de tod@s. Considérate na túa casa e **goza dela respectándoa, e respectando a contorna e aos demais.** Se aínda non tiveches a oportunidade, dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verás a beleza da nosa, da túa, terra.

+ INFO

Como apuntarse ás actividades

Todas as actividades son de balde. Podes informarte chamando ao **981500222** (Oficina da Concellería de Cultura) ou se o desexas, achegarte persoalmente (ata as 15 h).

Oficina da Concellería de Cultura

Dpto. de Cultura -edificio sociocultural María Mariño-

Rúa Padre Pardo, 33 1º andar (a carón de Radio Arzúa e a Biblioteca Municipal) - 15180 Arzúa

Para as actividades da EFA Piñeiral a inscrición é de balde no **981500580** ou **pineiral@pineiral.es** ata un día antes de cada unha.

Para o torneo de xadrez, a inscrición debes facela no **617234393** ou **pokeryajedrez@gmail.com** ata o sábado 4 de marzo.

Podes tamén informarte de todo en **info@festadoqueixo.org**

Como chegar / localizacións de utilidade

Arzúa está a **39 km de Santiago**, a **63 km de Lugo** e a **69 km da Coruña**, ou viceversa, segundo se queira ver, ☺. A principal vía de comunicación é a estrada **N-547**, que vai de Lugo a Santiago e que segue o trazado do histórico **Camiño de Santiago**.

+ info

No web do concello arzua.gal terás máis información do noso municipio, e en **turismoarzua.gal** podes consultar se o desexas establecementos hostaleiros e os aloxamentos onde poder durmir.



AMIGAMOS?



web

Desde **festadoqueixo.org** ofrecemos toda a información da festa e do festival, con históricos de pregoiros, carteis, festival... O web recibe unha media de **65.000** visitas anuais.




facebook

Aquí xuntámonos **máis de 7.000 amig@s**, pero isto non é o máis importante. O importante para nós é o seu nivel de satisfacción. A gran maioría dos comentarios recibidos son positivos ou directamente de parabéns! **Estamos moi agradecidos a tod@s!!!**



twitter

Seguimos sendo menos 'followers' que amigos e amigas no Facebook, pero continuamos crecendo, xa somos máis de **1.200!** 😊



instagram

No noso Instagram é onde temos unha morea de **#fotos chulas** da festa, do festival, dos obradoiros, etc! 😊 E somos outros **1.500!**



youtube

Todos os vídeos da feira, o resumo dos pregóns, do festival, das actividades etc., están na canle da festa en Youtube!



CONTACTOS

Concello de Arzúa

981 500 000 centraliña
981 500 222 dpto. de Cultura
arzua.gal

Coord. xeral e comunicación

981 100 296 / 676 172 346
info@festadoqueixo.org



web www.festadoqueixo.org



facebook facebook.com/festadoqueixo



twitter twitter.com/festaqueixo



instagram instagram.com/festadoqueixo



youtube youtube.com/festadoqueixo

Agradecemento especial

O Concello de Arzúa agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización. Igualmente, dos traballadores e traballadoras do Concello, de todas as **empresas, colectivos e persoas** que apoian e fan crecer cada ano máis este evento. E a todos e todas os queixeades connosco.

A #queixear! vémonos no #queixo2023 vémonos en #Arzúa!

